



DEADPAN

Karaoke

Creación

PATRICIA RODRÍGUEZ
MARIÁN BAÑOBRE

Dirección

PATRICIA RODRÍGUEZ

Con

MARIÁN BAÑOBRE



WWW.IBUPROFENOTEATRO.COM

696 730 037

ibuprofenoteatro@ibuprofenoteatro.com

Distribución

KANDENGUE

WWW.KANDENGUEARTS.COM

698 147 660

distribucion@kandenguearts.com



Excmo.
Concello da Estrada



XUNTA
DE GALICIA



PREMIOS MARÍA CASARES
MELLOR MAQUILLAXE
MELLOR ESPAZO SONORO

WWW.IBUPROFENOTEATRO.COM



DEADPAN

*en inglés significa "cara morta,
baleira de expresión, imperturbable"*

Karaoke

*do xaponés kara (baleiro)
e oke (orquestra)*

Deadpan é unha personaxe incapaz de sentir e de expresar emoción, o que lle outorga a autoridade e a claridade necesarias para descifrar o universo do amor a través desta catarse cómico-musical.

Podemos nesta sociedade de narcisismo extremo lanzarnos ao baleiro do amor?



Duración aproximada: 75 minutos.

Espectáculo unipersoal multidisciplinar de mediano formato.

Dirixido a público adulto (dispoñible versión para público adolescente +16)

Comedia sobre o amor na sociedade actual

Un espectáculo diferente e innovador, de carácter participativo, no que a acción acontece en gran parte no patio de butacas e tanto o público como a actriz interactúan cunha gran pantalla.

Os ingredientes principais son o humor, a estupidez, a sorpresa, o clown, a música e o cine. Todo enmarcado nun karaoke: un espazo que transita do real ao onírico cunha clara ambición plástica.

Este espectáculo xorde da necesidade de explorar a comedia e os seus límites desde unha perspectiva de xénero e abordando unha temática: a do amor nesta época tardocapitalista. Foi determinante a lectura das novelas gráficas de Liv Stromquist, especialmente "Non sinto nada", que, a través dunha linguaxe amena, consegue facer accesibles e divertidas para o gran público cuestións e dilemas que ocupan que ocupan ás/aos grandes pensadoras/os contemporáneas/os da Socioloxía e a Filosofía.





EQUIPO

Dirección

Patricia Rodríguez

Interpretación

Marián Bañobre

Creación e dramaturxia

Patricia Rodríguez e Marián Bañobre

Axudantía de dirección e coreografías

Carmela Bueno

Deseño de son e composición musical

Mónica de Nut

Deseño de iluminación e escenografía

Violeta Martínez

Deseño e realización de audiovisuais

Marta Valverde, Gustaf Nilsson e Javier Lueje - Rubén Arena

Deseño de vestuario

Marián Bañobre

Realización de vestuario

Bety Busto e Marián Bañobre

Caracterización

Baía Fernández

Asesora de canto

María Costas

Asesora de dramaturxia

Laura Porto

Asesora de xénero

Ana Cardoso

Deseño gráfico e fotografía

Diego Seixo

Produción

Santiago Cortegoso

Comunicación

Fátima R. Varela

Técnica en xira

Violeta Martínez e Héctor Pazos

Distribución

Kandengue Arts



PATRICIA RODRÍGUEZ

Directora de escena. Dende 2010 vive a cabalo entre Reino Unido e España, colaborando en diferentes proxectos enfocados na comedia e na procura de novas linguaxes escénicas que inciden na relación directa co público. En Deadpan Karaoke pon en escena e compón, a partir dun variado conxunto de elementos, un espectáculo teatral que busca sorprender, entreter e facer reflexionar aos espectadores acerca dun tema que, a pesar da vertixe propia do noso tempo, aínda nos segue a obsesionar: o amor.

MARIÁN BAÑOBRE

Unha longa traxectoria, recoñecida con cinco premios María Casares, únea ao teatro dende que tiña 15 anos como intérprete, clown, creadora escénica-directora e deseñadora de vestiario. En 2010 funda con Santiago Cortegoso Ibuprofeno Teatro; con 'Deadpan Karaoke' volve ao unipersoal 13 anos despois de 'A filla de Woody Allen', espectáculo fundacional da compañía.

CARMELA BUENO CAPEÁNS

Coreógrafa en diversos espectáculos como 'Menú Vexetal' da compañía Disquedanza ou 'Nos meus zapatos' da Fundación Igalarte. En Deadpan Karaoke axudou a buscar e traballar as claves do movemento para a creación da personaxe e fixo a asistencia de dirección.

MÓNICA DE NUT

Cantante de ópera, jazz, contemporánea e música galega de raíz. En 2014, no Xapón, recibiu un Silver Award da man de Ryuichi Sakamoto pola interpretación da obra do compositor Karolis Biveinis Voicing (III parte) no marco do Festival Internacional de Arte Sappora. Participou en numerosas montaxes como actriz, cantante e música e conta con tres discos en solitario auto-producidos.

O deseño sonoro de Deadpan supuxo un reto na abordaxe de diferentes estilos musicais co fío condutor da estimulación e a apertura emocional da protagonista e do público.

VIOLETA MARTÍNEZ

Deseñadora de iluminación e escenógrafa, no 2022 foi candidata aos Premios Max polo tratamento da luz coma un personaxe en 'Si esto es un hombre' de Cámara Negra Teatro.

En Deadpan Karaoke crea un universo colorista e festivo levando a iluminación ao patio de butacas para o encontro entre público e actriz.

GUSTAV NILSSON

Especialista en Efectos Visuais. Dende o ano 2000 dedícase á provisión de efectos visuais para cine, televisión, publicidade ou streaming a nivel internacional, así como ao desenvolvemento de ferramentas dixitais para a creación destes efectos. A súa primeira colaboración teatral ten lugar en 2020 para Las Ganas Teatro (Asturias). En Deadpan Karaoke é responsable da integración do croma, composicións de animación, así como contribucións diversas na edición.

JAVIER LUEJE E RUBÉN ARENA

Javier Lueje e Rubén Arena son videógrafos con experiencia e recoñecemento. En Deadpan Karaoke son os responsables do vídeo e dos spots que verás nas redes.

MARTA VALVERDE

Artista audiovisual, os seus campos favoritos son o vídeo en directo e a videoescenografía. En Deadpan fai posible que o universo do karaoke chegue á pantalla.

BAIA FERNÁNDEZ

Dende 2012 desenvolve o seu traballo como actriz, produtora e deseñadora de caracterización tanto para cine como para teatro. Polo seu traballo en 'Smoke on the water' de Ibuprofeno Teatro estivo nomeada ao Premio María Casares a Mellor Perruquería e Maquillaxe. O reto coa personaxe de Deadpan foi conseguir unha imaxe inexpresiva a nivel emocional evitando caer nun rostro plano, buscando en todo momento que a actriz puidese, dende esa inexpresividade, conectar co público. Coma unha extraterrestre, rara pero adorable.

MARÍA COSTAS

Ten formación en danza, interpretación e, especialmente, en canto, disciplina na que exerce como profesora. Desenvolve durante toda a súa traxectoria a súa formación vocal e musical: estudos de solfexo e auditivo, canto, técnica vocal, improvisación, harmonía ou técnica voice craft.

LAURA PORTO

Dramaturga e escritora. Activa dende 2019 como dramaturga e directora en Galicia e Portugal. En Deadpan Karaoke acompaña e asesora ás dramaturgas na construción da estrutura e nos acabados do texto.

ANA CARDOSO

Sexóloga e psicopedagoga, especialista en educación, xénero e políticas de igualdade. Interesada na mirada da sexoloxía para achegarnos ao humano, para entendernos e para a convivencia. En Deadpan Karaoke a súa asesoría foi clave na corrección e na posta en xogo de ideas relacionadas coa sexualidade, e no derrubamento de clixés e estereotipos das integrantes do equipo.

DIEGO SEIXO

Licenciado en Belas Artes, desenvolve o seu traballo como deseñador gráfico e fotógrafo en diversas producións teatrais. En 'Raclette' e 'O mel non caduca' de Ibuprofeno Teatro asinaba tamén o deseño do espazo escénico. A clave para a imaxe de Deadpan Karaoke foi o contraste entre o hieratismo na expresión fronte ao barroquismo formal.

SANTIAGO CORTEGOSO

Autor, director e actor. Desenvolve tamén a súa actividade como docente, impartindo obradoiros de escrita e creación escénica. Ten unha ampla experiencia como produtor coa súa compañía Ibuprofeno Teatro -que fundou xunto a Marián Bañobre-, e tamén desenvolvendo proxectos de dinamización e intervención cultural para asociacións e entidades.

FÁTIMA R. VARELA

Xornalista de formación, desenvolve o seu traballo no ámbito da comunicación cultural, principalmente centrada nas artes escénicas, en entidades como: Centro Coreográfico Galego, Sala Yago de Santiago de Compostela, Teatro Colón da Coruña ou o Festival Internacional de Títeres Galicreques.

IBUPROFENO TEATRO

Compañía fundada en 2010 por Marián Bañobre e Santiago Cortegoso, co obxectivo de contar cunha estrutura de creación propia para emprender proxectos teatrais dun xeito independente. Xeramos espectáculos a partir de textos escritos previamente (Raclette, Casa O'Rei...) ou integrando a dramaturxia e a posta en escena nos procesos de creación (A filla de Woody Allen, O mel non caduca...)

Gústanos coidar a dimensión plástica dos traballos, experimentando en cada proposta, para falar de temas claves que afectan ao ser humano contemporáneo, a través de personaxes que buscan a súa identidade individual nun contexto social globalizado e complexo que non conseguen controlar e que os leva a situacións absurdas e cargadas dun humor acedo e sarcástico.

Participamos en numerosas prazas e festivais de dentro e fóra de Galicia, sentíndonos moi ben acollidos e co recoñecemento de premios coma o María Casares en diversas categorías, finalistas nos Max a Mellor Dirección e Autoría ou o Álvaro Cunqueiro de Textos Teatrais, entre outros.

"Que o amor existe é todo canto sabemos do amor"

Emily Dickinson





WWW.IBUPROFENOTEATRO.COM

696 730 037

ibuprofenoteatro@ibuprofenoteatro.com

Distribución

KANDENGUE
arts

WWW.KANDENGUEARTS.COM

698 147 660

distribucion@kandenguearts.com